




CURIOSIDADE DE AGOSTO: O (SUPOSTO) CARACTER CÉLTICO DO CASTRO DE VIGO



Quen eran os celtas? Que hai de verdade na suposta orixe céltica da cultura castrexa do noroeste peninsular? Pese a que historicamente sabemos que si existiron os pobos celtas (conglomerado de diferentes grupos que no primeiro milenio a.C. habitaban a Europa central), hoxe en día é moi complicado defender unha orixe céltica da cultura castrexa. Non houbo unha invasión céltica, sabemos que a cultura castrexa afunde as súas raíces na Idade de Bronce, aínda que de todos os xeitos hai detalle (lingüísticos, toponímicos,...) que nos fan pensar nunha realidade difusa e complexa. Na caseta de acceso ao xacemento poderedes pedir información máis extensa sobre este controvertido tema.